



Suxestión dirixida á Deputación de Pontevedra no sentido de devolver as taxas ingresadas pola interesada, toda vez que non foi admitida no proceso selectivo

Expediente: A.4.Q/9421/21

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2021

Sra Presidenta:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED], con DNI [REDACTED]

No seu escrito, esencialmente, indícanos que presentou solicitude para presentarse nun proceso selectivo convocado pola Deputación, proceso do que foi excluída. O 16 de outubro de 2020 presentou recurso de alzada contra a exclusión no que indicaba:

Que habiando presentado este escrito, lo admita a trámite y, en su virtud, tenga por interpuesto RECURSO DE ALZADA contra la resolución de fecha 16/09/2020, adoptada por la Presidenta de la Deputación Provincial de Pontevedra en el procedimiento administrativo relativo al expediente núm. XXXXXXX, denegando la inclusión de la titulación de Ciencias del Mar como titulación admitida en el proceso selectivo de la plaza de técnico/a superior en medio ambiente y, por las razones expuestas, se dicte resolución por la que se revoque y deje sin efecto la resolución recurrida. Esto es, que rectifiquen la citada convocatoria e incluyan la titulación de Ciencias del Mar entre las titulaciones requeridas en las bases específicas de dicho proceso selectivo y, en caso de que no accedan a lo solicitado, al menos me devuelvan las tasas cumplimentadas con mi inscripción en este proceso selectivo, para lo cual les facilito mi número de cuenta: XXXXXXXXXXXXXXXX.

Ante iso requirimos informe a esa Deputación que xa nola remitiu. A información aportada indica:

- 1) *Por Resolución do 16/09/2020 desestimase o recurso de reposición presentado por [REDACTED] contra as bases da convocatoria do mencionado proceso selectivo*

- 2) *Mediante escrito presentado no rexistro web da Deputación Provincial de Pontevedra o 16/10/2020, ██████, con DNI ██████ interpón recurso de alzada contra a resolución do 16/09/2020 pola que se lle desestima a inclusión da titulación de Ciencias do Mar no proceso selectivo convocado para cubrir unha praza de técnico en medio ambiente, e interesa que se revoque e deixe sen efecto, para incluír dita titulación entre as requiridas nas bases específicas, solicitando, ademais, que de non acceder a súa petición se lle reintegren as tazas de inscrición, no número de conta: XXXXXXXXXXXXXXXXX.*
- 3) *Por Resolución do 30/10/2020 acordase inadmitir a trámite o recurso de alzada formulado pola interesada, ao estar esgotada a vía administrativa, e non ser susceptible deste tipo de recurso o acto impugnado, advertíndose que sen prexuízo do indicado, ao figurar como aspirante excluída neste proceso selectivo reintegraráselle de oficio o dereitos de exame.*
- 4) *En data 04/03/2021, o Servizo de Recursos Humanos e Formación envíalle un correo electrónico a ██████, no que se lle informa que con motivo da súa exclusión do proceso selectivo no que se inscribiu, se lle solicita que presente través dunha instancia xenérica, un número de conta, do cal sexa titular, para procede' á devolución dos dereitos de exame.*
- 5) *En data 09/06/2021, a interesada contesta ao correo electrónico indicando o número de conta a fin de que se lle efectúe a devolución dos dereitos de exame. Como ██████ non presentou a solicitude no formato requirido polo Servizo de Recursos Humanos, non se procedeu, de momento, ao reintegro de dito importe.*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

- 1) A Deputación **desestimou e inadmitiu, respectivamente, os recursos presentados** pola interesada diante da convocatoria do proceso selectivo posto en marcha por esa Administración
- 2) A propia Deputación informa á interesada de que **lle reintegrarán “de oficio” os dereitos do exame**

- 3) A interesada **comunicou en dúas ocasións** o número de conta para a devolución das taxas a través dun correo electrónico e na propia presentación do recurso. Tendo en conta que a devolución das taxas é “de oficio”, e que a Administración recoñece ter o número de conta, debería abondar para proceder á devolución.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a esa Deputación a seguinte **suxestión**:

Valorar, dentro das súas competencias, a devolución das taxas ingresadas tal e como se lle comunicou á interesada na resolución de inadmisión a trámite do recurso de alzada

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de



Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoa atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo